

GRIAL 245 (X.F.M.2025) CULTURA, ARTES E IDENTIDADES. I FORO GRIAL



VARIOS

SINOPSI

I Foro Grial. Cultura, artes e identidades

María López Sáñez // Agar Ledo

Hai 75 anos, en 1950, botaba a andar Editorial Galaxia, acendendo unha luz na noite do franquismo para manter acesa a cultura en tempos hostís de persecución e sometemento. Transcorreron desde entón 75 anos onde Galaxia asistiu á fin da ditadura, ao comezo da democracia, á transición política e á aprobación do Estatuto de Autonomía, á promulgación da Lei de normalización lingüística e aos cambios sociais que mudaron o prestixio e a percepción social da lingua e a cultura galegas ao tempo que determinaron un declive no uso do galego.

Conmemoramos os 75 anos transcorridos ollando cara adiante. Outro é hoxe o contexto e outros os desafíos. Entrados xa no século XXI, do que transcorreu o primeiro cuarto, atrevémonos a imaxinar a Galicia do futuro, a Galicia do ano 2050 en que se cumprirá un século da creación de Galaxia.

Os Foros Grial irán sucedéndose este ano de conmemoración, e o primeiro tivo como eixo vertebrador esa ollada prospectiva que, desde o pensamento, quixo afrontar os problemas e desafíos que determinarán a cultura galega no próximo cuarto de século. Como será a Galicia de

2050? En que contexto celebraremos o centenario da creación de Editorial Galaxia? O museo de Pontevedra foi o escenario escollido para este primeiro Foro Grial. Alí nos acolleu a directora, Ángeles Tilve Jar, e puidemos escoitar o discurso conmemorativo de figuras clave de Galaxia, como Xosé Manuel Soutullo e Henrique Monteagudo.

Convidado a pensar a Galicia de 2050, Germán Labrador parte da célebre frase de Castelao, en que a posibilidade dunha cultura que traballe pola emancipación individual e colectiva se enfrenta a unha cultura que traballa para a neutralización e o ensimesmamento. Ante esta dicotomía pregúntase polos horizontes da sociedade e da cultura galegas nun contexto de crise ecosistémica, cambio xeopolítico e peche autoritario dos Estados europeos. Asumindo que non hai resistencia que non sexa afirmativa, o pensador interrógase sobre as resiste...



Editorial	EDITORIAL GALAXIA S.A.
Matèria	GRIAL
Col·lecció	GRIAL
EAN	9789200191190
Estat	Dispoñible
Enquadrernació	Tapa blanda
Pàgines	172
Mida	270x145x0 mm.
Price (Tax inc.)	15,00€
Release date	30/05/2025

Related Titles



GRIAL 238 (A.M.X.2023) 1963. O ANO DO PRODIXIO VARIOS



GRIAL 9 (X,A,S, 1965) VARIOS



GRIAL 11 (X,F,M, 1966) VARIOS